

MATERIA
Dereito Penal I (Parte Xeral)

TITULACIÓN
Grao en Dereito

unidade
didáctica
17.1

Penas accesorias privativas de dereitos: a prohibición de aproximación á vítima

María Castro Corredoira

Área de Dereito Penal

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa

Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación
J. M. Gairí

Edita
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN
978-84-17595-68-5

DOI
<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595685>

MATERIA: Dereito Penal I (Parte Xeral)

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

INTRODUCCIÓN

1. Concepto de Dereito penal

- I. Concepto e caracteres do Dereito penal
- II. Natureza
- III. Relacións do dereito penal: A) Coas ciencias xurídicas, B) Coas ciencias criminolóxicas, C) As chamadas ciencias auxiliares do dereito penal

2. As fontes do Dereito penal

- I. A lei
- II. O principio de legalidade
- III. Posibilidade de admitir outras fontes
- IV. A interpretación da lei penal: A) Clases e regras de interpretación, B) A analoxía, C) Concurso aparente de normas penais

3. A Lei penal no tempo

- I. Eficacia temporal das leis penais
- II. O principio xeral: irretroactividade da lei penal
- III. A excepción: retroactividade da lei penal máis favorable

4. A lei penal no espazo

- I. Principios reguladores
- II. Lugar de comisión do delito
- III. A extradición. A orde europea de detención e entrega

TEORÍA XURÍDICA DO DELITO

5. O delito

- I. Concepto do delito
- II. Suxeitos e obxectos do delito: A) Suxeito activo e pasivo. B) Obxecto material e xurídico
- III. Clasificación do delito

6. A acción

- I. Formas de acción: acción en sentido estrito e omisión
- II. As diversas concepcións da teoría da acción
- III. A acción e os seus elementos
- IV. A omisión: concepto e natureza
- V. As clases de omisión: A) A omisión simple. B) A comisión por omisión
- VI. Ausencia de acción: A) Movements reflexos. B) Estados de plena inconsciencia. C) Forza irresistible

7. A tipicidade e a antixuridicidade

- I. A tipicidade: A) Concepto. B) Elementos. C) Funcións do tipo
- II. Ausencia de tipicidade
- III. A antixuridicidade: Concepto. Os elementos subxectivos do inxusto
- IV. Ausencia de antixuridicidade: A) Lexítima defensa. B) Estado de necesidade. C) Cumprimento dun deber e exercicio lexítimo dun dereito, oficio ou cargo. D) O consentimento do ofendido.

8. A culpabilidade

- I. Concepto e estrutura
- II. Natureza: as distintas teorías
- III. A imputabilidade: Concepto. Momento da imputabilidade: “actiones liberae in causa”
- IV. Ausencia de imputabilidade: A) Anomalía ou alteración psíquica. Trastorno mental transitorio. B) Intoxicación plena por bebidas alcohólicas ou drogas. Síndrome de abstinencia. C) Alteración gran de conciencia da realidade
- V. A responsabilidade penal do menor

9. A culpabilidade (continuación)

- VI. As formas de culpabilidade: A) O dolo: Concepto. Elementos. Clases. B) A culpa: Concepto e clases
- VII. Ausencia de formas de culpabilidade: o erro
- VIII. A esixibilidade de conduta adecuada á norma: a súa significación xurídico-penal
- IX. Ausencia de esixibilidade. Causas de inculpabilidade baseadas no principio de non esixibilidade: A) Estado de necesidade subxectivo. B) Medo insuperable

10. A punibilidade

- I. Significación dogmática da punibilidade
- II. As condicións obxectivas de punibilidade
- III. Ausencia de punibilidade: As escusas absolutorias

11. O “íter criminis”

- I. Actos internos
- II. Actos preparatorios: A) Tipos construídos especificamente sobre actos preparatorios. B) Conspiración, proposición e provocación para delinquir.
- III. Actos de execución: a tentativa
- IV. A consumación

12. A participación no delito

- I. Autoría: autoría directa, coautoría e autoría mediata
- II. As formas de participación: indución, cooperación necesaria e complicidade
- III. Supostos especiais

13. A unidade e pluralidade de delitos

- I. Pluralidade de accións e unidade de delito: A) Delito continuado. B) Delito permanente. C) Delito habitual
- II. Pluralidade de accións e de delitos (concurso real)
- III. Unidade de acción e pluralidade de delitos (concurso ideal)

14. As circunstancias que modifican a responsabilidade criminal

- I. Cuestións comúns ás circunstancias atenuantes e agravantes
- II. Atenuantes: A) Eximentes incompletas. B) Atenuantes xenéricas. C) Atenuantes por analoxía
- III. Agravantes
- IV. A circunstancia mixta

AS CONSECUCIAS XURÍDICAS DO DELITO.

15. A pena

- I. Concepto
- II. Fundamento e fins: as diversas teorías
- III. A clasificación das penas no Código Penal

16. As penas privativas de liberdade

- I. Clases e cumprimento: prisión, localización permanente e responsabilidade persoal subsidiaria
- II. Formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade: A) Suspensión da súa execución. B) A súa substitución por outras penas

17. As penas privativas de dereitos

- I. Concepto e clases
A pena de multa
- II. Multa proporcional e sistema de días-multa
Consecuencias accesorias
I. Especial referencia ao comiso

18. A determinación da pena

- I. Individualización legal, xudicial e administrativa
- II. A determinación da pena no Código penal: A) A metade superior e inferior. A pena superior e inferior en grao. B) Regras para a determinación da pena: a) O grao de execución. b) A forma de participación. c) A concorrencia de circunstancias modificativas. d) O concurso de delitos. e) Supostos especiais

19. A extinción da responsabilidade criminal

- I. Causas
- II. Cancelación de antecedentes penais

20. A responsabilidade civil e as custas procesuais

- I. A responsabilidade civil nada de delito ou falta: A) Contido. B) Persoas civilmente responsables
- II. As custas procesuais
- III. Cumprimento da responsabilidade civil

21. As medidas de seguridade

- I. Concepto. Fundamento. Clases
- II. Penas e medidas de seguridade
- III. As medidas de seguridade na lexislación española

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

1. Xerais
2. Específicos

METODOLOXÍA

CONTIDOS

1. Regulación
2. Natureza xurídica
3. Criterios de aplicación
 - 3.1. A comisión dalgún dos delitos do artigo 57.1 CP
 - 3.2. A comisión do delito contra algunha das persoas referidas no artigo 57.2 CP
 - 3.3 Duración
 - 3.4 Contido

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Sobre contidos xerais da prohibición de aproximación
2. Sobre contidos específicos
 - 2.1. Consentimento da vítima
 - 2.2. Procedemento de implantación e control dos dispositivos telemáticos

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

O vixente Código Penal español articula un sistema taxado de penas. Esta sistematización incardínase na Parte Xeral do Código. Con carácter xeral, as penas pódense clasificar de moitas formas, principalmente, en virtude da súa natureza, a súa duración e gravidade. Deste xeito, atendendo ao primeiro criterio, existe unha distinción básica entre penas principais e penas accesorias. Por outra banda, atendendo á duración, podemos falar de penas graves, menos graves e leves.

Outra posible clasificación centra a súa atención na natureza dos dereitos dos que o suxeito condenado se ve privado. Así, distínguese, de xeito moi xenérico, penas privativas de liberdade e penas non privativas de liberdade (tamén coñecidas como penas privativas doutros dereitos). Afondando nestas penas privativas de dereitos, o artigo 48 do Código Penal acolle as tres modalidades da coñecida, con carácter xeral, como pena de afastamento: a prohibición de aproximación á vítima; a prohibición de residir e de acudir a determinados lugares e a prohibición de comunicación. Neste contexto, cómpre destacar o papel da prohibición á vítima e a outros familiares.

- Xustificación da unidade didáctica.

A importancia práctica que ten a aplicación da prohibición e as súas implicacións para os suxeitos implicados xustifica a necesidade de prestar especial atención a dita medida. A súa inclusión dentro dos contidos da materia obrigatoria de Dereito Penal Parte Xeral –impartida en segundo curso de Grao en Dereito e de Grao en Criminoloxía- concorda co Plan de Estudos de ambas titulacións. Asemade, a súa importancia e relevancia resultan innegables, tendo en conta os pormenores e consecuencias derivadas da aplicación práctica de dita sanción.

OBXECTIVOS

1. Xerais

- Fomentar unha formación integral en Dereito (como rama do ordenamento xurídico determinada pola Parte Xeral do Código Penal –equiparable á Parte Xeral de Dereito Civil ou ó Dereito Administrativo).
- Capacitar ao alumnado para o desempeño de profesións xurídicas.
- Contribuír na adquisición de coñecementos sobre cuestións relativas á construción do sistema xurídico.
- Estudar os institutos relevantes do Libro I do Código Penal
- Analizar os principios básicos que configuran a teoría xeral do Dereito Penal.
- Manexar o vocabulario técnico-xurídico do eido do dereito penal.
- Fomentar a utilización, polo alumnado, de materiais bibliográficos complementarios.
- Promover o emprego de bases de datos xurisprudenciais.
- Tomar conciencia da función crítica da dogmática como instrumento que permita a mellora das leis e das resolucións xudiciais para aproximarse ao ideal de xustiza.

- Identificar e analizar un problema de dereito penal para expor solucións alternativas, facendo uso dos métodos aprendidos.
- Percibir o xeito en que se aplica a legalidade vixente e cal é a realidade práctica (a diferenza entre o dereito lexislado e o realmente aplicado).

2. Específicos

Á finalización da unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Comprender o sistema de penas do Código Penal español.
- Adquirir a coñecemento preciso para realizar unha correcta clasificación das penas.
- Advertir os conceptos básicos relativos ao Dereito penal, ás súas fontes, á lei penal no tempo e no espazo, á teoría do delito e ás súas consecuencias.
- Dominar a técnica de resolución de casos prácticos, especialmente os relativos á determinación e individualización da pena.
- Tomar conciencia das implicacións legais e reais desta prohibición.
- Sensibilizarse sobre as consecuencias reais da aplicación de dita sanción en casos de violencia familiar e doméstica.
- Coñecer o réxime específico da prohibición de aproximación á vítima do Código Penal español.
- Distinguir os contidos de dita prohibición dos específicos das outras modalidades de afastamento.
- Estudar as controversias doutrinarias e xurisprudenciais que afectan a esta medida.
- Desenvolver un pensamento crítico sobre os principais conflitos xordidos na materia.
- Resolver casos prácticos sobre a posible aplicación desta prohibición, evaluando tamén a preceptividade da medida en supostos de violencia doméstica e de xénero.
- Identificar os principais problemas prácticos e político-criminais que presenta a aplicación desta prohibición

METODOLOXÍA

A explicación e estudo desta materia pasará por varias fases. A primeira e principal delas consistirá na súa explicación, polo profesorado, durante as clases teóricas, seguindo un modelo propio de aula maxistral.

O profesorado adicará unha hora de explicación ao contido teórico básico dos principais aspectos e criterios de aplicación desta sanción, tal e como se atopa regulada no vixente Código Penal español. En todo caso, evitarase a reiteración así como a explicación dunha profundidade tal que excedan do recomendable a efectos dunha explicación de dereito penal de carácter xeral. En definitiva, procurarase unha formación básica, clara e de fácil comprensión por parte do estudantado. Ao mesmo

tempo, procurarase que dita formación lle permita unha comprensión e axeitada aplicación práctica das nocións adquiridas.

Baseando as actividades propostas neses coñecementos básicos do estudantado, organizaranse grupos reducidos que buscarán e analizarán sentenzas xudiciais de diversos tribunais nas que se adopte (ou non) esta prohibición. Deste xeito, desenvolverán as habilidades necesarias para procurar xurisprudencia nas distintas bases de datos dispoñibles no sector xurídico e estudará como se aplica, na práctica, a prohibición de aproximación na súa función de pena restrictiva de dereitos. Asemade, poderán traballar de xeito grupal, coordinado e colaborativo.

Nas aulas interactivas, o alumnado, nos mesmos grupos, procederá a expoñer os casos procurados, as condicións en que se impuxo a prohibición de aproximación (ou, no seu caso, os motivos do tribunal para non adoptala). Do mesmo xeito, aportarán información sobre o seu contido, as persoas respecto de quen se impuxo, a duración, a distancia e o delito a que apareza asociada a súa adopción. Deberán ser capaces de facer chegar toda esta información aos demais, finalizando a exposición cunha valoración político-criminal da idoneidad (ou non) da adopción da medida para o suposto concreto.

CONTIDOS

1. Regulación

O Código Penal actual data de 1995. Na materia que nos ocupa, a versión orixinal do Código só regulaba a prohibición do reo de acudir a determinados lugares (máis en concreto, o lugar de comisión do delito e o de domicilio da vítima ou de familiares).

Con posterioridade, a reforma penal da Lei Orgánica 11/1999 engadiu, ao contido do artigo 57 CP, a prohibición de aproximación á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal. Con esta modificación, configurouse a prohibición como unha pena accesoria que se podería acordar no suposto de comisión dalgún dos seguintes delitos: homicidio, lesións, aborto, contra a liberdade, torturas, contra a integridade moral, contra a liberdade sexual, contra a intimidade, contra a honra, contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica.

No mesmo ano, a Lei Orgánica 14/1999 introduciu varias novidades na regulación desta sanción. En primeiro termo, incorporou a prohibición de aproximación ao elenco de penas do art. 33 CP, clasificándoa como pena leve, menos grave ou grave en función do delito cometido e o período temporal polo que se impuxese.

En segundo termo, engadiuna á listaxe de penas privativas de dereitos do artigo 39 CP. Configurou tamén o seu contido no artigo 48 CP, quedando redactado nos termos que a continuación se detallan: “a prohibición de aproximación impide ao penado achegarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, en calquera lugar onde se atope, así como achegarse ao seu domicilio, aos seus lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por eles, quedando en suspenso, respecto dos fillos, o réxime de visitas,

comunicación e estancia que, no seu caso, recoñecese en sentenza civil ata o total cumprimento desta pena”.

Con posterioridade, a Lei Orgánica 15/2003, do 25 de novembro, estableceuse un dobre réxime de aplicación da pena accesoria de prohibición de aproximación.

Por unha banda, mantívose a imposición discrecional –apoiada en criterios de perigo do suxeito activo e gravidade dos feitos– cando o delito cometido sexa algún dos do catálogo xa aludido do artigo 57.1 CP.

Por outra banda, a imposición da prohibición deveu preceptiva para os casos nos que algún deses delitos do art. 57.1 CP sexa cometido contra algún dos suxeitos aos que fai referencia o artigo 57.2 CP: quen sexa ou fose o cónxuxe, ou persoa que estea ou estivese ligada ao condenado por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia; os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivinte; os menores ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivinte, ou persoas amparadas en calquera outra relación pola que se atopen integradas no núcleo da súa convivencia familiar; e, por último, as persoas que, pola súa especial vulnerabilidade, atópanse sometidas á súa custodia ou garda en centros públicos ou privados. Nestes casos, impoñeráse sen ter en conta os criterios de gravidade e perigo apuntados e con independencia, ademais, de que a medida teña sido ou non solicitada pola vítima.

Por último, a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero preveu, dun lado, o emprego dos mecanismos telemáticos precisos para verificar o cumprimento da pena e, doutro lado, a obriga do xuíz de concretar unha distancia mínima entre o condenado e a persoa protexida.

2. Natureza xurídica

Tal e como dispón o artigo 39 do Código Penal, estamos ante unha pena accesoria privativa de dereitos. Máis en concreto, é unha pena limitativa do dereito do condenado ao libre desenvolvemento da personalidade ou á libre circulación.

É unha pena obrigatoria en casos de violencia familiar e de xénero, tal e como estipula o art. 57.2 CP. Dita obrigatoriedade afecta á imposición da medida e tamén ao seu cumprimento. Ao tratarse dunha pena de imposición xudicial, existe un interese público subxacente, polo que o seu cumprimento non pode quedar ao arbitrio das persoas afectas pola medida.

Esta preceptividade ten sido moi cuestionada, de xeito que o Tribunal Constitucional tivo que pronunciarse sobre a súa constitucionalidade en varias ocasións. En concreto, fíxoo sobre a posible afectación e vulneración dunha serie de dereitos fundamentais e garantías, entre eles, o dereito á intimidade familiar, o dereito de personalidade das penas, a posible indefensión da vítima.

Sexa como fora, o Alto Tribunal defende que a medida encaixa debidamente nos parámetros político-criminais e legais.

3. Criterios de aplicación

Para que a prohibición sexa acordada, os criterios varían en función da modalidade ante a que nos atopemos. Seguindo o esquema xeral, é dicir, o sistema discrecional, atenderase a dous aspectos: a gravidade dos feitos e a perigosidade que o delincente represente.

Porén, para os casos de violencia doméstica e de xénero, os criterios ponderables son outros dous, por unha razón: a problemática da violencia familiar entraña unha gravidade tal en si mesma, que o lexislador español entende que todos eses casos, per se, cumpren os parámetros de gravidade e perigosidade. Polo tanto, nestes casos, os criterios de aplicación son: a) a comisión dalgún dos delitos do catálogo do art. 57.1 CP E b) que o delito tiña sido cometido contra algunha das seguintes persoas: quen sexa ou tiña sido cónxuxe, ou que estea ou quen estea ou tiña estado ligado ao condenado por unha relación de afectividade análoga, aínda sin convivencia; os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivinte; os menores ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivinte, ou persoas amparadas en calquera outra relación pola que se atopen integradas no núcleo da súa convivencia familiar; e, por último, as persoas que, pola súa especial vulnerabilidade, atópanse sometidas á súa custodia ou garda en centros públicos ou privados.

3.1. A comisión dalgún dos delitos do artigo 57.1 CP

Cuestiónase, dende unha óptica político-criminal, a idoneidade do catálogo dados os termos nos que se atopa redactado. O principal motivo de discusión é que estamos ante unha lista de delitos demasiado extensa e variada, o que dificulta a súa xustificación.

3.2. A comisión do delito contra algunha das persoas referidas no artigo 57.2 CP

No que atinxe a este aspecto, a relación persoal que suscita maiores controversias é a de afectividade análoga á conxugal. A introdución do inciso “aínda sen convivencia” complicou máis este punto, pois é evidente que o lexislador tratou de ampliar, en moito, os casos obxecto de protección. Porén, non fixou uns criterios que permitisen concretar os aspectos que poden determinar si unha relación é análoga ou non. Este é, precisamente, o principal obxecto de debate doutrinal e xurisprudencial no punto que nos ocupa. Moi diversos tribunais téñense pronunciado sobre os aspectos que entenden máis relevantes para considerar acreditada a relación. Así, se ten posto o foco, entre outras, na permanencia e temporalidade da relación, así como no seu enderezo, na existencia dun proxecto de vida en común ou na probatio de sentimentos comprometidos. A subxectividade que tingué todos estes elementos tamén ten contribuído á proliferación das incesantes dúbidas que, na actualidade, marcan por completo a configuración e aplicación da prohibición (ata

o punto de que, podemos afirmar que, a apreciación da analoxía da relación variará, en moito, do tribunal que resolva o caso concreto).

3.3 Duración

O artigo 33 do Código Penal clasifica as penas en leves, menos graves e graves en atención á duración pola que se impoñen. Polo tanto, naqueles casos en que a prohibición dure até seis meses será unha pena leve. Pola contra, cando a súa duración se sitúe nun umbral de duración de seis meses a cinco anos, será unha pena menos grave. Finalmente, nos casos en que a sanción se acorde por tempo superior a cinco anos e inferior a dez, a pena será grave.

Polo tanto, o límite mínimo temporal é dun mes, mentres que o límite máximo se sitúa nos dez anos.

Este sistema complétase cunha excepción introducida pola Lei Orgánica 15/2003. De conformidade co disposto nesa norma, cando unha persoa sexa condenada a pena de prisión, o xuíz ou tribunal que acorde a imposición da prohibición de aproximación deberá:

- Fixala por unha duración superior á pena de prisión, entre 1 e 10 anos, cando o delito sexa grave.

- Concretala nunha duración de entre 1 e 5 anos se o delito é menos grave.

Por outra banda, a duración da pena debe estar xustificada. Así, á hora de fixala, o xuíz terá en conta a gravidade dos feitos e o perigo que o delincente represente. Na práctica xurisprudencial estanse a valorar, entre outras: a reiteración de condutas do acusado, a existencia dunha anterior condena por ameazas á nai ou a suspensión do réxime de visitas aos fillos.

3.4 Contido

O art. 48.2 CP dispón que a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impide ao penado achegarse a eles, en calquera lugar onde se atopen, así como achegarse ao seu domicilio, aos seus lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por eles, quedando en suspenso, respecto dos fillos, o réxime de visitas, comunicación e estancia que, no seu caso, se recoñecese en sentenza civil ata o total cumprimento desta pena. Do seu teor despréndese que se trata dunha prohibición que goza dun dobre carácter: persoal e espacial.

En primeiro termo, o carácter persoal é consecuencia lóxica de que ao condenado lle estea vedado achegarse tanto á vítima como a aqueles familiares ou outras persoas que determine o xuíz na sentenza, con independencia do lugar en que se atopen. En relación aos familiares, como apunta a doutrina, deberá tratarse, como mínimo, dos ascendentes, descendentes ou irmáns por natureza ou adopción do ofensor ou do seu cónxuxe ou convivinte, así como dos menores ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do autor ou do cónxuxe ou conviviente.

O carácter espacial derivase da determinación da prohibición respecto do domicilio, o lugar de traballo ou outros frecuentados polas persoas protexidas por ela. Con iso, quere evitarse que o condenado acuda a eses lugares, con independencia de que algunha ou varias das persoas protexidas se atopen ou non alí.

Ese aspecto espacial atópase condicionado dun modo directo, por tanto, polo aspecto persoal da pena, precisamente porque os “lugares prohibidos” para o condenado establécense en atención ás persoas respecto das que se prohibe o achegamento.

Outro punto de interese é o da fixación da distancia á que se prohibe a aproximación. A casuística reflicte que non existe un criterio obxectivo, polo que a determinación corresponde ao xuíz. Así, podemos atoparnos con prohibicións de aproximación de 30 metros, 50 metros, 100 metros, 200 metros, 500 metros e mesmo sentenzas onde non se fai alusión algunha á distancia. A pesar diso, existen certas recomendacións, como as incluídas no Protocolo de actuación das Forzas e Corpos de Seguridade e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección de vítimas de violencia doméstica e de xénero, aprobado por resolución do 28 de xuño de 2005, da Secretaría de Estado de Seguridade, na que se aconsella que a distancia sexa, a lo menos, de 500 metros. Esta distancia permitiría unha resposta policial adecuada e rápida, e evitaría, así mesmo, a confrontación visual entre a vítima e o imputado.

Para finalizar, cómpre facer alusión ao emprego de medios telemáticos na execución da pena. A LO 15/2003 introduciu a opción de recorrer á motorización electrónica para controlar o cumprimento das penas de afastamento no art. 48.4 CP.

Con posterioridade, a LO 1/2004 estendeu esa opción ás medidas de afastamento impostas de maneira cautelar en supostos de violencia de xénero (art. 64.3 CP).

Os medios telemáticos son dispositivos electrónicos que fan posible detectar a proximidade. Son mecanismos de gran utilidade, tanto en relación á vítima como ao agresor. En canto á primeira, proporcionan protección e seguridade, á vez que verifican que o segundo cumpre con todas as súas obrigacións, facilitando información actualizada e permanente sobre a súa localización. Ademais, para os efectos de quebrantamento, constitúen unha proba documental de cargo de gran valor. Porén, o quebrantamento da pena, aínda que é un aspecto básico do contido a tratar, entendemos que é preferible reservalo para outra unidade didáctica independente. O principal motivo é que o Código Penal contempla, de xeito específico, dito delito na súa parte Especial, polo que debe ser obxecto de tratamento nunha Unidade Didáctica de Dereito Penal (Parte Especial).

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Sobre contidos xerais da prohibición de aproximación

Para poder estudar a parte práctica desta unidade, o estudantado deberá procurar xurisprudencia dos distintos tribunais españois na que se teña aplicado a prohibición obxecto de análise e ponderar os diferentes aspectos abordados nesta unidade didáctica.

A información recabada das sentenzas será obxecto de exposición nas clases interactivas. Con este fin, o alumnado deberá acordar, en grupos, a procura de información, así como o tratamento e a exposición coordinada da mesma.

Os casos que os alumnos busquen en bases de datos informatizadas de xurisprudencia para presentar nas clases interactivas haberán de abordar as cuestión básicas expostas nas clases teóricas (réxime de aplicación, delito asociado na imposición, etc.), non bastando con que simplemente apliquen unha prohibición de aproximación.

As sentenzas localizadas e seleccionadas por eles para a súa exposición deben recoller e expresar dun xeito amplo a doutrina xurisprudencial sobre algunha ou algunhas cuestión atinentes á aplicación da prohibición. Con todo, o estudantado mellorará as súas aptitudes de búsqueda de información e xurisprudencia nas bases de datos especializadas, así como a súa capacidade de síntese e expositiva. Finalmente, interesa o desenvolvemento dun pensamento suficientemente crítico, sobre a idoneidade da imposición da medida e as condicións da imposición.

A exposición nas clases interactivas da doutrina xurisprudencial polos grupos reducidos respecto da prohibición pechará cun debate breve no que todos os integrantes da clase interactiva tratarán de contraargumentar respecto das posicións interpretativas ou político-criminais amosadas polas distintas resolucións expostas. Con iso preténdese conseguir implicar a todo o alumnado na clase e facilitar o dinamismo no desenvolvemento da mesma, facéndoa máis participativa, e conquistar un maior grao de achegas críticas respecto dos criterios de aplicación das normas polos tribunais.

2. Sobre contidos específicos

2.1. Consentimento da vítima

Sendo esta unha das cuestións máis controvertidas no que atinxe á prohibición de aproximación, o alumnado deberá facer unha busca de xurisprudenza, co obxecto de:

1. Coñecer as diversas posicións doutrinarias existentes sobre a materia.
2. Asumir unha das devanditas posicións e traballar a súa argumentación xurídica.
3. Debater na aula, co resto do estudantado, sobre as solucións outorgadas polos diferentes tribunais.

2.2. Procedemento de implantación e control dos dispositivos telemáticos

Neste caso fórmulase unha proposta vinculada ao role playing. O alumnado, repartido en diversos grupos, deberá escenificar as diferentes fases polas que pasa o procedemento de implantación e control dos dispositivos telemáticos. Deste xeito, algún deles representarán as forzas e corpos de seguridade do Estado; outros, ao persoal do Centro de Control; outros, ao persoal dos xulgados e, finalmente, dous deles asumirán o papel de vítima e de agresor respectivamente.

Asemade, traballarán cos formularios institucionalizados para prestar consentimento na dita implantación, así como casos prácticos nos que se atopen integrados aspectos variados do contido da prohibición. Con isto, procurárase que o alumnado non só comprenda o réxime da sanción, senón que tamén sexan capaces de que facer unha reflexión profunda sobre diversos aspectos político-criminais que teñen grandes consecuencias na aplicación práctica.

AVALIACIÓN

A avaliación global dos coñecementos desta unidade didáctica farase conxuntamente coa das restantes unidades didácticas que compoñen o programa xeral da materia, mediante un exame final que incluírá unha parte teórica e outra práctica, da que os contidos desta unidade poderán ser unha parte.

Farase tamén unha avaliación específica do traballo desenvolvido a respecto desta unidade didáctica, avaliación que integrará unha parte da avaliación da docencia interactiva e da avaliación do traballo fóra da aula dos estudantes, e que contribuirá á conformación da súa calificación final.

En concreto, serán elementos específicos de valoración que se terán en conta respecto do traballo feito para esta unidade, os seguintes:

- A idoneidade da elección da sentenza seleccionada para expór e debater sobre os aspectos obxecto de estudo.
- A claridade na comprensión e exposición dos argumentos contidos na sentenza que o grupo expoña na clase interactiva, e a capacidade do grupo de se autoorganizar e acordar un argumento compartido.
- A participación e a implicación de cada estudante dentro do grupo, e a capacidade de argumentación individual.
- A participación na clase interactiva respecto das exposicións dos outros grupos.

BIBLIOGRAFÍA

- BACIGALUPO ZAPATER, ENRIQUE (1997): *Principios de Derecho Penal. Parte General*. Madrid: Akal.
- CARBONELL MATEU, JUAN CARLOS (2005): *Estudios Penales en Homenaje del profesor Cobo del Rosal*. Madrid: Dykinson.
- CEREZO MIR, JOSÉ (2004): *Curso de Derecho Penal. Parte General I*. Madrid: Tecnos.
- CÓRDOBA RODA, JUAN; GARCÍA ARÁN, MERCEDES (2011): *Comentarios al Código Penal. Parte General*. Madrid: Marcial Pons.
- DE LAMO RUBIO, JAIME (1997): *Penas y medidas de seguridad en el nuevo código*. Barcelona: Bosch.
- DEMETRIO CRESPO, EDUARDO; RODRÍGUEZ YAGÜE, CRISTINA (2010): *Curso de Derecho Penal. Parte General*. Barcelona: Experiencia.

- FARALDO CABANA, PATRICIA (2008): *Las prohibiciones de residencia, aproximación y comunicación en el derecho penal*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- GRACIA MARTÍN, LUIS (2008): *Tratado de consecuencias jurídicas del delito*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- LLORCA ORTEGA, JOSÉ (2005): *Manual de determinación de la pena*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- MIR PUIG, SANTIAGO (2008): *Derecho penal. Parte General*. Barcelona: Bosch.
- MOLINA BLÁZQUEZ, MARÍA CONCEPCIÓN (2005): *La aplicación de las consecuencias jurídicas del delito*. Barcelona: Bosch.
- MUÑOZ CONDE, FRANCISCO; GARCÍA ARÁN, MERCEDES (2010): *Derecho penal. Parte General*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- ORTS BERENGUER, ENRIQUE; GONZÁLEZ CUSSAC, JOSÉ LUIS (2017): *Compendio de Derecho penal. Parte General*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- QUINTERO OLIVARES, GONZALO (2005): *Comentarios al nuevo Código penal*. Pamplona: Aranzadi.
- VIVES ANTÓN, TOMÁS SALVADOR (1996): *comentarios al Código penal*. Valencia: Tirant lo Blanch.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA